

Mirar para atrás sen ira
Anxo Tarrío Varela

Un amigo de meu vén de me agasallar con algo que hai anos devecía eu por posuír. Refírome a un cartafol titulado *¡A Nosa Terra é Nosa!* que vira a luz o 3 de xuño de 1976 para conmemorar o centenario do nacemento de Ramón Cabanillas. A publicación fixérase en Vigo, da man do gran galego que sempre foi Antón Patiño Regueira, propietario da librería Librouro daquela cidade.

Visto este traballo coa perspectiva dos vinte anos que van alá, visto este cartafol humilde recollendo poemas, prosas e ilustracións das mellores e máis consideradas firmas daquel entón, non queda máis remedio que facer unha comparanza entre os cativos medios de que se dispoñía entón para unha efeméride tan importante como a que supuña homenaxear ao que fora o gran Poeta da Raza e o dispendio que hoxe facemos por calquera cousa, sexa de interese, sexa unha trapallada.

Emociona algo ver no interior deste cartafol, consistente nunha cartolina pregada a xeito de *envelope*, como din os portugueses, quero dicir, nun sobre humilde pero dunha gran dignidade, un mangado de folios (de boa gramaxe, iso si) impresos e tradeados con dous buracos que serven para pasar unha fita azul na que se resume toda a encadernación da meritória publicación.

Pero máis emociona ver alí firmas pertencentes a homes (curiosamente, a ningunha muller, no apartado das colaboracións escritas) que xa nos deixaron e que forman o elenco do máis escolleito da historia recente de Galicia: empezando por Otero Pedrayo, que asina o primeiro texto datándoo en febreiro de 1976, é dicir tan só a dous meses da súa propia morte, ocorrida na mañanciña do mes que máis mortificaba a T.S. Eliot. A este respecto, cómpre dicir que non sería de extrañar que fose este o derradeiro artigo, relativamente longo, do Señor de Trasalba. Pero ademais están alí as sinaturas de Darío Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Emilio González López, Valentín Paz Andrade, Sebastián Martínez Risco, Eduardo Blanco-Amor, Xosé María Castroviejo, Alvaro Cunqueiro, Ben-Cho-Shey e Manuel Fabeiro, por citar tan só algúns dos nomes que xa non podemos ter entre nós máis que na lembranza, porque despois vén un longo etcétera doutros escritores que hoxe son de primeira liña e aínda están en plena produción literaria.

A todo isto hai que sumar un elenco de 41 artistas plásticos que xenerosamente colaboraron para ilustrar a humilde publicación. E agora si,

agora atopamos seis firmas femininas: M^a Antonia Dans, M^a Victoria de la Fuente, Fina Mantiñán, Carmen Pérez Neu, Elvira Blanco e Gloria Fernández.

En fin, cómpre ás veces botar unha mirada atrás para ver en qué condicións traballaban aqueles homes e mulleres que sabían paliar a indixencia económica cun entusiasmo sobardante de fe, sen perder ren da dignidade en que sempre se moveu a nosa cultura, dende os afastados tempos do Rexurdimento decimonónico.

Comparado o valor intelectual e artístico deste cartafol con moitas cousas que vemos hoxe en día encadernadas a todo luxo para disimular o lixo que encerran, cómpre recoñecer que somos uns privilexiados e que non temos dereito ao pesimismo negativista, ou polos menos tan só temos dereito á protesta progresista e crítica, é dicir, a esa queixa intelixente que, unida ao traballo serio e constante, faga posíbel que Galicia e a súa cultura non esmorezan, e continúen por vieiros ilusionados cara a súa normalización definitiva.

O Correo Galego, 1996